

AS ORIXES DO MEU IMAXINARIO

Fina Casalderrey

En primeiro lugar, préstame expresar a miña gratitude a *Cedofeita* por me brindar este espazo para contar... sen interrupcións; nun tempo no que tendemos máis a falar que a escoitar, isto vólvese un privilexio.

“Se escribes algo relacionado con Lérez, mellor”, suxeríume o meu veciño, compañeiro de profesión —e parente dos meus parentes— Xaime Iglesias.

Lérez... Pero se eu son de Lérez!! Aquí están as orixes do meu imaxinario, aquí habita a miña infancia, a miña patria. Aquí comeza a miña memoria a fermentar.

Catro anos...

Baixabamos do Castelo, da casa de meus avós: *Josefina a Panda* e *Pepe o Garrido*; eu, detrás do carro “de mudanzas”, coma quen vai detrás do santo nunha procesión solemne, cos meus flamantes zapatos brancos de punta furada, que deixaban medrar o pé libremente, por iso non paraba de choutar. Iamos vivir para a Porta do Sol, á da *Choceira*. O nome da casa non me gustaba moito, pero pagaba a pena explorar o mundo! Antes de chegar á de *Tino o Calacú*, xusto pola de *Amparucho a Lourenciña*, caeu pola parte de diante do carro o xerro do lavabo e unha das rodas pasoulle por riba. Asemade, a tira dun dos meus zapatos soltouse. Meu pai, un sabio que sempre atopou solución para todo, atoulle un arame e seguín danzando con aquel zapato de deseño exclusivo...

Aquí, en Lérez, é onde dei con ese manancial inesgotable no que tantas cousas me parecían milagres. Ese tempo no que non precisaba finxir para aceptar o marabilloso, para sorprendeme a calquera hora e con calquera cousa; no que os días andaban doutra maneira e levaba tatuado na epiderme da alma a condición de inmortal:

*Cuando éramos niños
los viejos tenían como treinta
un charco era un océano
la muerte lisa y llana
no existía (...).*

(“Pasatiempo”. Mario Benedetti)

Di Pablo Neruda:

“Mi infancia son zapatos mojados, troncos rotos caídos en la selva, devorados por lianas y escarabajos, dulces días sobre la avena, y la barba dorada de mi padre saliendo hacia la majestad de los ferrocarriles”.

Seu pai era maquinista de tren.

De certo a súa poesía está enchoupada da paisaxe de Temuco (Sur de Chile), terra da súa infancia.

Puxen estes exemplos ao chou, o certo é que todos estamos construídos pola nosa infancia. Non fai falta dedicarse a escribir libros para sentir que o espírito da nenez permanece en nós ata o último alento. Non son moi orixinal, seino, pero inflúe no que escribo; calquera parecido coa realidade nunca é pura coincidencia. A miña infancia Literaria, esa colección de momentos que o tempo poetiza, está sobre todo aquí, na miña parroquia.



Casa do Santo Camiño Vello

Unha vez instalados na Porta do Sol, xusto no Camiño Vello, nesa *Casa da Choceira*, fronte da de siña Juana a *Guisa*, a miña entrañable confidente, da de siña Josefina a *Redabouxa*, a da Casa do Santo, aínda houben de agardar case catro anos máis para ter unha irmá. E, á forza de porfiar —mentres miña nai cantaba coplas e sacaba puños e colos de camisa coma restras de chourizos da súa *Wertheim*—, por fin, un 7 de maio de 1959, como por arte de maxia, miña irmá amenceu na cama a carón de miña nai. Non me estrañou que fixesen festa en Lérez! Era o Día do Cristo e eu, vestida de maneira autónoma para a ocasión —coma un cristiño— e cunha felicidade que roldaba a plenitude, sentei no banco de pedra da porta da casa para anunciar ao mundo a boa nova: “Teño unha irmá!”. Os foguetes da festa estralábanme no peito cuns golpes deliciosos. Eran tempos de realismo máxico.

No momento en que isto escribo, a chuvia desafía á gravidade, mollando de abaixo arriba, en horizontal... e ata en zig zag, coma un ousado trasno que petase na miña ventá. Tanto balón lévame ao “río”, ao río de lavar a roupa; ao lavadoiro do Gramal, a ese que mandara construír don Leandro, o cura párroco de quen escribiu don Crisanto nun interesante libro: *EL MONASTERIO DE LÉREZ Y SU COLEGIO DE ARTES* —e fíxoo, por certo, con rigor e sutileza. Eu non cheguei a coñecer a don Leandro; din que foi un mozo ben plantado, do que dá fe o busto que se ergue a carón do Centro de Saúde, aínda que dunha imaxe non podemos fiarnos... Cando a inauguraron, certo veciño exclamou abraído: “Díaño, non sabía que don Leandro fose negro!” E cónstame que non foi por chacota, no bronce daba moi escuro.

Daquel río moita literatura gravei... Recordo con admiración a perfecta organización daquel gremio de lavadeiras: siña Cándida, siña Celsa a do *Rascado*, siña Aurora a da *Fontaiña*, siña Emilia a *Carrancha*... No “ollo” (por onde entraba a auga limpa), a roupa branca, a dos bebés e a do aclarado final; contra o desaugue, as fundas de *mahón* e unhas toallíñas moi pequenas que, segundo porfiaban cara a min, utilizaban para matar o porco. Moitos porcos mataban! No medio, o resto. Gustábame ir lavar canda aquelas intrépidas inventoras de oficios que lavaban a roupaxe dos “señoritos”

de Pontevedra e estarricaban coma estandartes certas prendas mentres anunciaban: “Mirade as bragas da miña señorita...” Era a súa inofensiva vinganza... ou quizais só un xeito de esqueceren as frieiras das mans. Alí, porque me dirixían as miradas, aprendín un novo significado de “roupa a clareo” mentres recibía as primeiras leccións furtivas de literatura erótica. Algunha vez, gratamente escandalizada, tenme esvarado o taco de xabón. Había de remangarme ata o pescozo e meter a man, coma un batiscafo que inspeccionase nas profundidades das augas mais opacas... E, igual que nas culturas antigas, puiden distinguir entre augas superiores e inferiores (estas daban arrepió). Cando non atopaba o meu xabón —pero sacaba un taco máis grande— sentíame, coma o leñador bo do conto, recompensada polas fadas. O que nunca cheguei a atopar foi o anel de ouro de miña nai, que levara nun deses días en que me pedía o corpo ir enxiada e, nada máis meter a man, a auga enguliumo para sempre. Por iso, cando baleiraban o pozo, apetecíame estar, por ver de atopar algún tesouro. Mais a mellor hora do “río” era a da sesta. Mentres a Porta do Sol enteira durmía, nós, fartas de mirar ás sombras que se movían no teito do noso cuarto, baixabamos e xuntabámonos co resto da rapazada. Daquela o lavadoiro acabado de limpar volvíase unha auténtica piscina.

A choiva estame a dar unha tregua evocadora, vexo con nitidez o adro, mesmo adiviño a oliveira que plantaron preto da escalinata... Xusto alí poñía as barcas siña Julia a *Carballeda* no día do Patrón, unha sorte de *uve* dende a que case tocamos as estrelas só con tirar da corda. E, por parentesco directo, venme á memoria Pepe o *Rosquilleiro*, quen, malia andar a miúdo bébedo, cantando baixo as ventás da noite, non deixaba de ser moi querido no barrio. Durante as festas volvíase un “home decente”, de camisa branca, inmaculada, que axudaba aos parentes, os de *Galiano*, exercendo de churreiro. Véxome sentada no valo da señora Aquilina, canda el, escoitando as súas coitas... E, quizais por analoxía, venme á cabeza o nome de Pepe *Pelotas*, outro home bondadoso e de agudo enxeño, abondo como para montar unha “empresa” no medio da Alameda, que variaba entre cravar puntas nunha trabe maciza dunha soa martelada ou meter unha pelota entre dous paquetes de tabaco rubio sen tiralos, ¿ou tirando os dous? Xa me perdo...

Véxome na casa de siña Aurora a Rosquilleira, a nai de Julia e Pepe... As dúas sentadas sobre a colcha lila de faisáns dourados que cubría a súa cama e que posuía o feitizo de se transformar en dourada con faisáns lilas segundo os días, abondaba con lle dar a volta. Eu léndolle a carta que lle enviara un fillo; ela, emocionada, pedíndome que lla volvese ler e facéndome repetir parágrafos enteiros ata que os aprendía de memoria. ¡Cánto non daría por saber ler!

Outra muller...

"Queredes unha mazá, rapaciños?" A voz de *Mamá Isabel* —a nai de *Nelita*, de *Conchita*, de *Carmiña*...— unha sorte de fada madiña que, cun caldeiro de latón ía repartindo cada día mazás entre a rapazada do Camiño Vello.

E outra...

A miña máis querida mestra, dona Digna, sempre tan guapa, tan correcta... Non só nos permitía aledar aquela árida enciclopedia Álvarez con follas de papoula, papeis de caramelo ou de prata das ocasionais *chocolatinas* que alisabamos coa uña, senón que escribiamos con todas as cores posibles de tinta aquelas letras rotuladas... E se nos caía tinta sobre o pupitre, sempre había solución: rascar a mesa cun cristal e volver darlle cera.

A miña amiga Chula a *Carrancho*, coa que cheguei a comunicarme a través das fendas que os fráxiles tabiques deixaban entre o retrete da súa cociña e o da casa do *Marocas*, que foi a nosa vivenda

provisional un tempo. Julita a da *Guardilla*, Marisa a *Rascada*, Teri a da *Pecadora*, Pili a *Pinchela*, Purita e Adela as *Madrileñas*... e con elas, tantos inocentes segredos...

E non hai nada mellor que un día de ventos encabuxados, para tecer lembranzas arredor de algo aparentemente banal. É posible que o espírito da propia Adelina, a *Jabalina*, ande roldando pola casa para vingarse dos insultos que lle regalabamos. Vaia muller!! Vagabunda?, Bohemia?, Disidente? Liberal? Tola? Quen a tratou defínea coma unha muller adiantada ó seu tempo que, antes de se dobregar a unha dictadura que a amortallaba, escolleu representar o papel de louca, á marxe da orde establecida. Esa liberdade non lle foi gratuíta. As nenas e os nenos dos arredores axexabamos como cataba os piollos e os metía entre os dentes, tal vez imitando ó seu cadelo Luís, aquel a quen, coma a ela, alguén deixara sen un ollo dunha absurda malleira. Sei que un día volverei sobre ela... A infancia é coma a cebola, sempre podemos atopar debaixo outra capa oculta.

Estas cousas, e algunhas máis, evidentemente, conforman o meu imaxinario, foron a miña escola do fantástico. Quizais por iso me atraen especialmente as historias que teñen un pé na realidade, a aventura do cotián...

Eu, como Mark Twain, de cando era nena pododo recordalo todo, teña acontecido ou non.



Porta do Sol a principios do século XX